

NORMATIVA:

- DECRETO 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.
- Orde do 21 de febreiro de 2017 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Orde do 13 de xuño de 2008 pola que se modifica a do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, o funcionamento e a xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes desta consellería.
- Instrución 3/2020, da secretaría xeral técnica da Consellería de Educación, Universidade e formación profesional do 16 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión indirecta no curso escolar 2020-21.

CRITERIOS UTILIZADOS PARA A BAREMACIÓN DAS SOLICITUDES DE COMEDOR (DE EXISTIR MÁIS SOLICITUDES QUE PRAZAS AUTORIZADAS):

Respectarase estritamente a seguinte orde de preferencia:

- 1. Alumnado usuario do servizo de comedor no curso escolar anterior.**
- 2. Alumnado usuario lexítimo do servizo de transporte escolar.**
- 3. Alumnado en situación socioeconómica de exclusión social ou que teña unha discapacidade igual ou superior ao 33%** (Certificación dos servizos sociais)
- 4. Alumnado membro de familias numerosas** (Título ou carné expedido para o efecto).
- 5. Alumnado, fillos de pais e nais, titores legais ou acolletores familiares, traballadores ambos os dous con incompatibilidade dos seus horarios laborais co horario de saída do seu fillo/a ao mediodía**, acreditada documentalmente de xeito alternativo, mediante a seguinte documentación:
 - Informe de vida laboral, expedido polo organismo laboral competente, ou certificado da Unidade de persoal á que pertenza o empregado público.
 - Certificación da empresa, xustificativa da duración da xornada e o horario de traballo.
 - Certificación xustificativa de alta no IAE, e unha declaración responsable, sobre a vixencia da actividade económica, e o horario que require a actividade, para o caso de traballadores por conta propia
- 6. Outro alumnado do centro.**

CRITERIOS DE BAREMACIÓN ESTABLECIDOS POLO CONSELLO ESCOLAR PARA RESOLVER OS CASOS DE EMPATE:

- 1. Alumnado con irmáns usuarios do comedor escolar no curso escolar solicitado.**
- 2. Alumnado cun maior número de días solicitado de uso do comedor.**
- 3. Alumnado de infantil terá prioridade sobre o de primaria e o de primaria sobre o de secundaria.**
- 4. De persistir o empate resolverase por sorteo.**